



**ACTA NÚM. 15 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2020. (CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:03 horas** do día **9 de novembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

**A S I S T E N:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)

Don José Manuel Pichel Patiño

Don José Javier Fernández Martínez

Dona María Esther Pedrosa Carrete

Don Rubén Pol Mariño

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)

Dona María Angeles Antón Vilasánchez

Don José Antonio Constenla Ramos

Don Evaristo Ben Otero

Don Ramón de Jesús Quiroga Limia

Dona Beatriz Cigarrán Vicente

Dona María Castelao Torres

**CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey

Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Xesús Duro Fernández

**BNG:**

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

## **ORDE DO DÍA:**

**Punto único: Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa á aprobación da modificación da ordenanza fiscal, núm. 3.24.**

Cumpriméntase así:

### **PUNTO ÚNICO: PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA RELATIVA Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL, NÚM. 3.24.**

A proposta en relación ao asunto do epígrafe da concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, de data de 2 de novembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

#### **“1. Antecedentes.**

1.1. Con data do 20 de outubro do 2020 ditouse providencia de inicio para a modificación da Ordenanza Fiscal 3.24 e relativa á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local (en diante ordenanza fiscal 3.24)..

O fin da modificación é, de conformidade co informe proposta do 20 de outubro do 2020, era:

“(..) a inclusión, dunha disposición transitoria na Ordenanza 3.24, en virtude da cal para o exercicio 2021 se deixe de aplicar a taxa pola ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostelería e outros análogos con finalidade lucrativa.

A tal fin proponse o seguinte texto:

“Disposición transitoria primeira:

Suspéndese para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2021 suspéndese o cobro da taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal polas ocupacións do solo relacionadas na letra g) do artigo 2, relativas á ocupación co mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Transcorrido este período a suspensión perderá os seus efectos recuperándose automaticamente o seu cobro nos termos previstos na Ordenanza”.

Con data do 22 de outubro do 2020 a Tesourería Municipal emite informe á proposta de modificación; con data do 26 de outubro do 2020 emite informe á Asesoría Xurídica; e con data do 30 de outubro do 2020 emite informe á Intervención Municipal.

### **Proposta á Xunta de Goberno Local.**

Considerando os informes emitidos pola Tesourería Municipal, pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Municipal, propónse a aprobación pola Xunta de Goberno Local da modificación da Ordenanza Fiscal 3.24 relativa á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, consistente na inclusión da seguinte disposición adicional:

“Disposición Adicional Primeira:

Durante o ano 2021 non estarán suxeitas á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local as ocupacións do solo e subsolo contempladas na letra g) do artigo 2 desta ordenanza fiscal, relativas á ocupación con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.”

Á vista da proposta transcrita, dos informes de asesoría xurídica e de intervención dos días 26 e 30 de outubro do corrente ano, Ref. AX/317/2020 e 1002/2020, acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de novembro do corrente ano, e máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente á sesión extraordinaria e urxente correspondente ao pasado día 3, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal 3.24 relativa á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local, consistente na inclusión da seguinte disposición adicional:

“Disposición Adicional Primeira:



Durante o ano 2021 non estarán suxeitas á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local as ocupacións do solo e subsolo contempladas na letra g) do artigo 2 desta ordenanza fiscal, relativas á ocupación con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalaría e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 9:38 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández